

TEATRO

A Bela Otero dixo nunca máis

Teatro Livre do Brasil reactualiza o mito en *Belle Otero, o corpo que fala*

Título: Belle Otero. O corpo que fala.

Compañía: Teatro Livre do Brasil.

Intérpretes: Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno.

Guión: Marga do Val.

Isto non é ficción, —dixo Carolina Otero ao remate da representación teatral— isto é a realidade. Os aplausos finais abrazaron a unha Bela Otero-Cordovani denunciante, que corroboraba como os artistas nunca se iniben das “cuestións palpitantes”.

Neste breve monólogo case improvisado, con que remata a obra, unha Bela e atractiva anciá, culpaba ao caciquismo e aos gobernantes, de antes e de agora de abandonar ao pobo e obrigalo a emigrar en lugar de proporcionarlle medios de vida. Trátase dunha denuncia a un sistema político, en xeral, que permite a explotación das persoas, a compravenda dos corpos e o maltrato feminino.

O público volcou co parlamento do actor e protagonista da peza, mais os aplausos foron un nimio pago a unha experiencia teatral única, coa *Belle Otero o corpo que fala*.

Roberto Cordovani, director e primeiro actor da Compañía manifestou nunha entrevista neste mesmo semanario, apoiar-se nos sentimentos como fonte creativa pero, á vista dos resultados, desconfío dese fundamento. Os sentimentos caprichosos e inmanexábeis non son quen de sufragar o custo desta representación rigorosa e precisa. A obra é a resultante de elementos moi ben axustados, racionais e premeditados e, de ningún xeito, abandonados a designios tan imprevisíbeis e fuxidios.

O Teatro Livre do Brasil goza dunha materia prima que irremisiblemente aboca ao éxito con esta peza (¡non deixen de vela!): un dúo de intérpretes fantásticos e un libreto excelente que permite o goce da tensión teatral ata o final. De aí que conmovia, que emocionase.

Os dous actores, Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno móvense pola escena cun coidadoso dominio do espacio e con tal naturalidade coma se do salón da súa casa se tratara. Os escasísimos útiles: mantóns, tules e coxíns reborдан significación, reforzando a identidade das personaxes. Estes elementos están manipulados en perfecta harmonía coa caracterización dos roles dramáticos, cunha sensibilidade pouco habitual no noso teatro. A elegancia apodérase na escena, de cada paseo e de cada aceno. Cun vestuario tan rico e exuberante como significativo, que sen oficio interpretativo caería irremisiblemente no desfile de modelos.

A través das voces mesuradas dos actores, as argumentacións dramáticas galopan con comodidade. De modo que a razón volve axear fondo e forma, argumento e elocución, para confortar as nosas mentes espoliadas pola choqueira televisiva.

E, coa mesma destreza que

falan e planean pola escena, os actores transgreden as barreiras xenéricas, desmitificando os ferrentes tópicos da falsa feminidade, na que acostuman a caer os homes que pretenden interpretar as mulleres. E as personaxes nos que se converten sucesivamente Cordovani e Moreno, como a ritmo de valse, convencen e namoran ao público.

As máscaras xestuais compoñen, con enorme sutileza, todas as idades de Carolina sen espaventos nin estridencias, no caso de Cordovani, e doutros personaxes, no de Moreno. E non son froito só da maquiaxe, na que o director é tamén un experto, senón da ciencia; da matemática interpretativa. Hai unha relación proporcional entre as motivacións das personaxes e o resultado da expresión actoral. Os intérpretes souberon rozar ese límite xeométrico sen excedelo nunca; a iso chámase lle mestría; fóra dese parámetro o teatro é vulgar e inútil. Por isto o goce é inmenso e o feito teatral cumpre a súa función de deleitar e crear opinión.

Estes logros interpretativos teñen como base o guión de Marga do Val, que arranca dunha biografía da Bela Otero, un texto serio e ameno. Non é un relato minucioso e académico —unha estrita información daría un resultado ineficaz para o feito teatral— senón unha interpretación actual deste mito cun punto de vista amplo, respectuoso coa personalidade da artista e coherente. Un rostro comprometido da Bela Otero, intelixente e con pinceladas de humor que ningún fora quen de descubrir. ♦

MÓNICA BAR CENDÓN